



RESOLUCIÓN POLA QUE SE FORMULA O INFORME AMBIENTAL ESTRATÉXICO DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA A DELIMITACIÓN DO NÚCLEO RURAL DE UZAL, NO CONCELLO DO CORGO

Promotor: Concello do Corgo

Órgano substantivo: Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

Expediente: 2021AAE2638

O Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas, da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, formulou a seguinte proposta:

ANTECEDENTES

1. O Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) vixente no concello do Corgo, aprobado definitivamente o 19.05.2015, clasifica e delimita os solos de núcleo rural do municipio. O núcleo de Uzal non consta delimitado no vixente PXOM porque non figuraba como topónimo no nomenclátor, sendo incluído no mesmo no ano 2015.
2. O 27.12.2021 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello do Corgo no que se solicitaba iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación puntual do PXOM para a delimitación do núcleo rural de Uzal da parroquia de San Pedro de Farnadeiros". Achegaba un borrador mais un documento ambiental estratéxico.
3. O 10.01.2022 este órgano ambiental iniciou un período de consulta pública dos documentos recibidos no portal web e consultou ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

1. A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e o seu Regulamento, aprobado mediante Decreto 143/2016 do 22 de setembro (RLSG), integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
2. As modificacións do planeamento xeral que teñen por obxecto a delimitación de solo de núcleo rural tramítaranse seguindo o procedemento do artigo 78 da LSG.
3. O órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico tras consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas, que deberán pronunciarse no prazo máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático ten atribuídas as funcións en materia de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente (Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda).



CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

1. Características do plan

Obxecto: Segundo o indicado na documentación achegada, o obxectivo é recoñecer no plan xeral como núcleo rural un asentamento de poboación que non foi delimitado no seu momento por non figurar no nomenclátor. Indícase tamén que delimitar o núcleo permitirá no futuro a dotación de infraestruturas de abastecemento e saneamento, das que carece na actualidade.

O solo afectado atópase clasificado no PXOM vixente como solo rústico de especial protección forestal, agropecuaria e de infraestruturas.



Ámbito de actuación do planeamento

Alternativas: No documento ambiental estratéxico non se formulan alternativas, argumentando que non hai outra alternativa razoable e viable que a que se propón.

Proposta: Delimitar o solo de núcleo rural común de Uzal. Na cartografía vectorial achegada polo promotor a superficie do núcleo abrangue 50.975 m². O borrador non inclúe a ordenanza reguladora, nin prevé espazos destinados a usos dotacionais, nin cataloga elementos do patrimonio cultural.

2. Características ambientais da área probablemente afectada

O ámbito territorial obxecto do plan emprázase no este do municipio do Corgo, na comarca paisaxística de Lugo.

O asentamento atópase nunha zona de relevo suave. Está atravesado pola estrada provincial LU-P1608 e no extremo norte sitúase o enlace coa vía de alta capacidade CG-2.2 Nadela -Monforte.





Existen dentro do ámbito nove vivendas non tradicionais e outras edificacións de tipo agrario, dispersas entre fincas agrícolas e zonas arboradas (principalmente con piñeiro).

4. Período de consultas previas

Realizáronse as seguintes consultas previas á elaboración deste informe ambiental:

	Resposta	Sen resposta
Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo	x	
Instituto de Estudos do Territorio	x	

Asemade, o borrador do plan mais o documento ambiental estratéxico estiveron publicados no portal web desta Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda para que o público en xeral puidese consultalos e facer observacións/suxestións de contido ambiental. Non se recibiu ningún comentario.

O promotor deberá considerar na elaboración do planeamento as observacións e suxestións manifestadas no dito período de consultas previas. En todo caso, resúmense a continuación as principais cuestións formuladas.

Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo:

A documentación do proxecto de delimitación deberá adecuarse aos contidos reflectidos no artigo 190 do RLSG. Entre outros, deberá contar con planos de información sobre os servizos urbanos.

Os planos de ordenación do núcleo rural deberán definir o trazado da rede viaria pública, o seu largo e as aliñacións (art. 55.1.c da LSG). Situándose todas as parcelas do núcleo en colindancia coa estrada LU-P-1608, deberá xustificarse o acceso ás mesmas, eliminando na parte de núcleo o solo rústico de infraestruturas. A clasificación como solo de núcleo rural deberá estenderse polo menos ata o eixo do viario ao que dan fronte as parcelas.

A superficie reflectida no borrador (46.563 m²) é moi inferior á realmente delimitada no plano 03 de ordenación, haberá que clarexalo.

No documento deberanse corrixir as incoherencias: no punto 2 de Obxecto de modificación figura un só tipo de solo rústico, existindo outros segundo o resto da memoria e os planos.

Deberase adaptar a documentación de xeito completo ás Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.

Instituto de Estudos do Territorio:

A nova delimitación proposta para o núcleo de Uzal acolle edificacións de carácter netamente illado en solo rústico, englobando parcelas con usos agrarios e forestais, de tal modo que todo o conxunto pode cualificarse na actualidade como un tipo de paisaxe de mosaico agroforestal. A nova clasificación implica, por tanto, a posibilidade de implantar novas edificacións nunha zona cun carácter paisaxístico netamente rural que o PXOM aprobado en 2015 clasifica como solo rústico.





Polos motivos expostos, e tendo en conta que a documentación non achega ningún tipo de estudo de paisaxe nin xustificación abonda, considera que non se respecta o disposto nas epígrafes a), b) e c) da Directriz de paisaxe DX.09.

Conclúe que a proposta formulada pode producir efectos paisaxísticos significativos. Deberá terse en conta o sinalado nos apartados a), b) e c) da directriz de paisaxe DX.09, con base nas cales debe valorarse a alternativa de non delimitar o novo ámbito de solo de núcleo rural.

De acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia (RLPPG), a modificación deberá realizar un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado.

Lembra que de acordo co artigo 7.2 da Lei 7/2008 e o artigo 41.1 do RLPPG, tras a súa aprobación inicial, esta modificación deberá someterse a informe do Instituto de Estudos do Territorio.

5. Efectos ambientais previsibles. Análise segundo os criterios do anexo V da Lei 21/2013 de avaliación ambiental

Con esta modificación do plan xeral preténdese recoñecer como núcleo rural común o asentamento de Uzal.

O planeamento proposto non establece un marco para a futura autorización de proxectos, máis alá dos necesarios para realizar as obras e implantar os usos autorizados. Tampouco inflúe noutros plans ou programas.

A delimitación proposta do núcleo de Uzal acolle varias edificacións existentes nunha zona de mosaico agroforestal que o PXOM aprobado en 2015 clasifica como solo rústico ao tempo que posibilita a implantación de novas edificacións en parcelas que na actualidade están dedicadas a usos agrarios ou forestais, co cal a proposta pode dar lugar a efectos paisaxísticos significativos. Polo tanto, cómpre valorar a alternativa de non delimitar o novo ámbito de solo de núcleo rural e, en todo caso, xustificar no plan o cumprimento do establecido nas epígrafes a), b) e c) da Directriz de paisaxe¹ DX.09.

Non se agardan efectos ambientais sobre o patrimonio cultural, posto que non existen no ámbito bens de especial interese. Tampouco se prevén efectos significativos sobre o ciclo hídrico ou outras variables ambientais.

¹ Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.





PROPOSTA

Tendo en conta o resultado das consultas realizadas e os criterios do anexo V da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, propoño non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a “Modificación puntual do PXOM para a delimitación do núcleo rural de Uzal da parroquia de San Pedro de Farnadeiros”, no concello do Corgo, porén, establécense as seguintes **determinacións**:

- A proposta pode dar lugar a efectos paisaxísticos significativos, polo tanto cómpre valorar a alternativa de non delimitar o novo ámbito de solo de núcleo rural. En todo caso xustificárase o cumprimento do establecido nas epígrafes a), b) e c) da Directriz de paisaxe DX.09.
- De acordo co artigo 35 do Regulamento da Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia, deberase realizar un estudo da paisaxe, proporcionado e específico ao lugar e ás funcións do plan (directriz de paisaxe DX.03), e co contido que regula o artigo citado.
- Atenderase ás indicacións e observacións expostas pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no seu informe; entre outras: a documentación deberase adaptar de xeito completo ás Normas técnicas de planeamento urbanístico de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Carmen Paz Cornes

Xefa do Servizo de Avaliación Ambiental de Plans e Programas

Juan Manuel Camiño Soto

Subdirector xeral de Avaliación Ambiental





De acordo coa proposta anterior, RESOLVO:

Non someter ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica ordinaria a “Modificación puntual do PXOM para a delimitación do núcleo rural de Uzal da parroquia de San Pedro de Farnadeiros”, no concello do Corgo. Non obstante, para favorecer a integración das consideracións ambientais no plan atenderase ás determinacións que se indican na proposta transcrita.

Esta resolución farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>), e remitirase ao Concello do Corgo xunto con copia dos escritos recibidos no período de consultas previas.

Conforme co disposto no artigo 35.2.c da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, o informe ambiental estratéxico perderá a súa vixencia e cesará na produción dos seus efectos se non se aproba o instrumento de planeamento no prazo máximo de seis anos dende a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*. En todo caso, o órgano ambiental poderá acordar unha prórroga da vixencia do dito informe ambiental estratéxico por outro prazo máximo de dous anos, tras solicitude formulada polo promotor antes do transcurso do prazo sinalado.

Contra esta resolución non procederá recurso algún, sen prexuízo dos que procedan en vía administrativa ou xudicial fronte ao acto, no seu caso, de aprobación da modificación puntual (artigo 31.5 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental).

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

María Sagrario Pérez Castellanos

Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático

